

BASES DO IX CONCURSO RADIOFÓNICO DE TEATRO LIDO DE AMES

Desata a Língua!!!

BASES

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da **ESO** dos centros de ensino do Concello de Ames. Participarase en **grupos formados por entre 2 e 4 persoas**. Todos os grupos deben ter un/unha representante (profesorado ou calquera outra persoa adulta) co fin de coordinar coa organización o desenvolvemento da actividade (datas da formación, da gravación...).
2. Os textos estarán en lingua galega. A temática será libre e valorarase que estea relacionada con algún **tema de actualidade**. O texto poderá ser de creación propia ou unha adaptación/recreación dun texto de autor/a. O tempo estimado de emisión para cada unha das pezas estará entre os **3 e os 5 minutos**.
3. A **inscrición** realizarase no centro de ensino, a través do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, utilizando a ficha de inscrición que se facilite. O prazo para inscribirse comeza ao día seguinte da publicación destas bases no BOP e remata o **18 de outubro de 2019**.

No momento de inscribirse, todo o alumnado participante deberá achegar cuberta e asinada polo/a representante legal (pai nai ou titor/a) a ficha de participación e a documentación requirida.

4. Todo o alumnado inscrito participará nunha **xornada de formación conxunta o día 24 de outubro**, cunha duración aproximada de dúas horas. A partir desa xornada, cada un dos grupos terán que elaborar e revisar os seus guións, para telos rematados na data que establezan no centro de ensino.
5. Cada centro de ensino revisará os guións e seleccionará, como máximo, 10 grupos para continuar no proceso.
6. **Entre o 6 e o 8 de novembro**, os grupos seleccionados perfeccionarán a súa peza noutra sesión formativa nos propios centros de ensino onde se lles facilitarán aos participantes claves de locución e interpretación.
7. Os grupos seleccionados realizarán a gravación e a montaxe das pezas **na Radio municipal de Ames, na semana do 18 de novembro**, previa cita fixada pola organización.
8. A **emisión** das pezas realizarase en Ames Radio (FM 107.2) entre **o 2 e o 5 de decembro** nas seguintes franxas horarias: das 13.30h ás 14.30h e das 22.00h ás 23.00h (de luns a venres). As pezas tamén estarán dispoñibles **permanentemente** entre esas datas na sección de AVISOS da páxina web municipal www.concellodeames.gal. A participación no concurso implica a autorización para estas emisións e a cesión a favor do Concello de Ames dos dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución.
9. Premios:
- **Premio do público: 200 euros**. A audiencia da radio municipal escollerá entre as pezas emitidas a que obterá o premio do público. **A votación** realizarase **entre o 3 e o 8 de decembro** (incluídos) a través do correo electrónico radioteatro@concellodeames.gal. Só se computará un voto por remitente.

- Premio ao mellor guiión orixinal: 200 euros
- Premio á mellor interpretación: 200 euros

O Concello de Ames designará un xurado que será o encargado de seleccionar todos os premios, agás o do público.

Os premios daranse a coñecer e entregaranse nunha gala o 19 de decembro de 2019, á que asistirá todo o alumnado participante.

PRAZOS:

Inscrición: Ata o 18 de outubro (incluído)

Xornadas **de formación:** 24 de outubro (conxunta) entre o 6 e 8 de novembro (nos centros de ensinanza).

Gravación **das pezas:** semana do 18 de novembro

Emisión das pezas: do 2 ao 5 de decembro en Ames Radio (FM 107.2)

Votación da audiencia: do 3 ao 8 de decembro en radioteatro@concellodeames.gal

Entrega de premios: 19 de decembro de 2019

IX CONCURSO RADIOFÓNICO DE TEATRO LIDO DE AMES

Desata a Lingua!!!

2019

FICHA DE PARTICIPACIÓN

NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A PARTICIPANTE:

NOME DO GRUPO:

CURSO E CENTRO DE ENSINO NO QUE ESTÁ MATRICULADO/A:

NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE (nai, pai ou titor/a):

DNI DO/A REPRESENTANTE :

TELÉFONO(S) DO/A REPRESENTANTE :

ENDEREZO POSTAL DO/A REPRESENTANTE :

CORREO ELECTRÓNICO DO/A REPRESENTANTE :

***A persoa representante constará como beneficiaria para os efectos tributarios no caso de ser premiada.

O/a representante legal (pai, nai ou titor/a) do alumno/a participante neste concurso, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade que:

- 1.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2033 xeral de subvencións, non se está incurso/a en ningún dos suposto que impidan obter a condición de beneficiario/a.
- 2.- Atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social. Autorizando o concello de Ames a comprobar estes datos.
- 3.- Comprometese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.

_____, ____ de _____ de _____

Sinatura do/a representante legal (pai, nai ou titor/a)

Xunto con esta ficha cuberta debe achegarse a seguinte documentación:

-COPIA DO DNI do/a participante e do/a representante

-LIBRO DE FAMILIA ou doutra documentación que acredite a representación.

